


CAPAP-H6: CAPAP-H6: Red de Computación de Altas Prestaciones sobre Arquitecturas Paralelas Heterogéneas



Descrición

En diversas áreas de ciencia e enxeñaría é preciso resolver problemas de alto custo computacional. Con este fin, os investigadores empregan sistemas paralelos que, cada vez máis, presentan unha estrutura heteroxénea e/ou xerarquizada, e que resultan difíciles de programar e usar eficientemente. Exemplos destes sistemas son as redes de computadores heteroxéneos e os procesadores multinúcleo (multicore).

Os grupos participantes nesta rede abordan nas súas liñas de traballo os problemas que expoñen estas plataformas. A rede persegue facilitar o intercambio e transferencia de coñecementos entre os grupos, fomentar a cooperación e articular os esforzos para consolidar o seu recoñecemento internacional no ámbito da CAPAP-H.

Obxectivos

Os principais obxectivos que se expoñen no marco desta rede temática, formada por varios grupos de investigación, son os seguintes:

- Consolidar os resultados de investigación obtidos no catro edicións anteriores da rede CAPAP-H.
- Facilitar o intercambio e a transferencia de coñecementos e experiencias entre os distintos grupos de investigación interesados en CAPAP-H, de maneira que se fomente a cooperación entre eles.
- Axudar á consolidación e difusión do coñecemento existente en CAPAP-H. Fomentar o desenvolvemento e uso de novas técnicas e metodoloxías que posibilitan a computación de altas prestacións en sistemas heteroxéneos, principalmente naquelas liñas nas que investigan os grupos participantes.
- Xuntar e organizar os esforzos individuais para tratar de identificar e alcanzar obxectivos máis ambiciosos, así como consolidar a comunidade que traballa neste ámbito de forma que aumente o seu peso específico a nivel internacional, de cara a posuír unha identidade propia no Espazo Europeo de Investigación.

INVESTIGADORES

Colaboradores do CiTIUS

Francisco Fernández Rivera
Antonio García Loureiro
David López Vilarinho
Dora Blanco Heras
José Carlos Cabaleiro Domínguez
Tomás Fernández Pena
Juan Carlos Pichel Campos
Natalia Seoane Iglesias

Investigadores externos


Francisco Argüello Pedreira
Elisardo Antelo Suárez

DETALLES

Data de execución:

01/01/2016 - 31/12/2018

Páxina web

 <http://capap-h.org/>

PUBLICACIÓNS

Influence of Architectural Features of the SNC-4 Mode of the Intel Xeon Phi KNL on Matrix Multiplication
INTERNATIONAL CONFERENCE ON COMPUTATIONAL SCIENCE 2019, 2019

PROGRAMAS CIENTÍFICOS

Computación avanzada